

NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATÉ ÁS 21.30

A cerimonia de entrega dos galardóns celebrarase o 30 de marzo no Rosalía Castro da Coruña

Un total de 14 espectáculos convértense en finalistas dos XX Premios de Teatro María Casares

As obras que acaparan maior número de nomeacións son 'O principio de Arquímedes', de Teatro do Atlántico, que aspira a 8 galardóns; 'Ensaio sobre a cegueira', de Sarabela Teatro, que opta a 7, e 'Presidente', de Teatro do Morcego, que está de finalista en 5 categorías.

Ademais, estas tres montaxes compiten polo premio ao mellor espectáculo

'Feo!', de Caramuxo Teatro; 'Jim e a illa do tesouro', de Eme2; e 'Manawee', de Matrioshka Teatro, son as tres nomeadas para facerse co premio ao Mellor Espectáculo Infantil

1 de marzo de 2016- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) vén de anunciar os nomes dos/as nomeados/as aos XX Premios María Casares, a gran festa do teatro cuxa gala se celebrará o próximo **30 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña**. Os espectáculos finalistas nas catorce categorías coas que contan os Premios déronse a coñecer na Festa dos Nomeados, deste 2016, ano no que os galardóns organizados pola AAAG chegan á súa vixésima edición. O Salón Teatro de Santiago acolleu esta tarde o acto, **presentado pola actriz e vogal da entidade Nieves Rodríguez**, ao que acudiron a maior parte dos/as profesionais nomeados/as deste 2016, ano no que se realiza por vez primeira o proceso de votación de forma dixital a través da páxina web da AAAG. Rodríguez, ademais, subliñou que durante a inscrición aos premios, **"un total de 38 espectáculos e máis de 300 profesionais" presentaron as súas candidaturas**.

En total de **14 espectáculos acadaron algunha nomeación nos catorce apartados nos que se dividen os María Casares**: mellor maquillaxe, mellor vestiario, mellor iluminación, mellor música orixinal, mellor adaptación-tradución, mellor texto orixinal, mellor escenografía, mellor actriz secundaria, mellor actor secundario, mellor actriz protagonista, mellor actor protagonista, mellor dirección, mellor espectáculo e ao mellor espectáculo infantil.

O principio de Arquímedes, de Teatro do Atlántico, convértese neste 2015 na produción con maior número de finalistas, ao obter un total de 8 nomeacións. Pola súa banda, **Ensaio sobre a cegueira**, de Sarabela Teatro, aspira a 7 galardóns e **Presidente**, de Teatro do Morcego, acada 5 nomeacións. Ademais, estas tres montaxes disputaranse o premio ao mellor espectáculo.

Xardín suspenso, do Centro Dramático Galego, e **Manawee**, de Matrioshka Teatro, acadaron ambas as dúas 4 nomeacións, mentres que **Noiteboa**, de Redrum Teatro, e **Panamericana**, de A Panadería, optan a 3 galardóns.

Pola súa parte, **Calypso**, de Voadora; **O Furancho**, de Ibuprofeno Teatro, e **Unha poucas picadelas**, de Teatro de Ningures, acadaron 2 nomeacións cada unha delas. Finalmente, cunha nomeación

atópanse **30 e tantos ósos** (Aporía Escénica), **Feo!** (Caramuxo Teatro), **O Crédito** (Eme2 Producións) e **Jim e Illa do Tesouro** (Eme2 Producións)

Cada espectáculo aspira aos premio nas seguintes categorías (entre parénteses, número de nomeacións):

1. **O Principio de Arquímedes (8)**: espectáculo, dirección, actor protagonista, actor secundario, adaptación-tradución, escenografía, iluminación e música orixinal.
2. **Ensaio sobre a cegueira (7)**: espectáculo, actriz protagonista, actor secundario, adaptación-tradución, escenografía, iluminación e maquillaxe.
3. **Presidente (5)**: Espectáculo, dirección, actor secundario, actriz secundaria, texto orixinal.
4. **Xardín Suspenso(4)**: actriz protagonista, escenografía, iluminación, música orixinal.
5. **Manawee (4)**: espectáculo infantil, actriz secundaria, maquillaxe, música orixinal.
6. **Noiteboa (3)**: dirección, actriz protagonista e texto orixinal.
7. **Panamericana (3)**: actriz secundaria, texto orixinal e vestuario
8. **Calypso (2)**: maquillaxe e vestuario
9. **Unhas poucas picadelas (2)**: actor protagonista e adaptación-tradución
10. **O furancho (2)**: texto orixinal e vestuario
11. **Jim e illa do tesouro (1)**: Espectáculo infantil
12. **O Crédito (1)**: actor protagonista
13. **Feo!** (1): espectáculo infantil
14. **30 e tanto ósos (1)**: Texto orixinal

Durante a súa intervención, a vicepresidenta da AAAG, Mabel Rivera, destacou a calidade das obras desta edición, ademais de sinalar que este ano celébranse vinte anos de gala e o vinte cabodano da actriz María Casares. Empregando palabras da actriz que dá nome os premios, Rivera sinalou que “o teatro é a patria que escollemos todos e todas os que formamos esta profesión, unha patria que compartimos co público e coa sociedade”. Finalmente, Rivera subliñou que esta Festa dos Nomeados/as celébrase por vez primeira no Salón Teatro, sede do Centro Dramático Galego. Aproveitando a ocasión e que a institución conta cunha nova dirección, Rivera ofreceu a AAAG para traballar por un CDG ao que lle convén unha serie de “reformas”.

Na Festa dos Nomeados participaron, ademais, os e as representantes das diferentes institucións que colaboran na organización dos premios encargáronse de entregar os diplomas aos/ás nomeados/as. Deste xeito, polo escenario do Salón Teatro subiron Jacobo Sutil, director da Agadic; José Manuel Sande, concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento da Coruña; Goretta Sanmartín, vicepresidenta da Deputación da Coruña; Fefa Noia, directora do Centro Dramático Galego, e Juan Carlos Fasero, director de SGAE-Noroeste.

NOMEADOS/AS XX PREMIOS MARÍA CASARES

Mellor Maquillaxe		
candidat@	Espectáculo	compañía
Fany Bello	Calypso	Voadora
Raquel Fidalgo	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro
Trini F. Silva	Manawee	Matrioshka Teatro

Mellor Vestiario		
candidat@	Espectáculo	compañía
Fany Bello	Calypso	Voadora
Marián Bañobre	O Furancho	Ibuprofeno Teatro
Uxía P. Vaello	Panamericana	A Panadaría

Mellor Escenografía		
candidat@	Espectáculo	compañía
Baltasar Patiño	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico
Carlos Alonso	Xardín suspenso	Centro Dramático Galego
Suso Montero	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro

Mellor Iluminación		
candidat@	Espectáculo	compañía
Afonso Castro	Xardín suspenso	Centro Dramático Galego
Baltasar Patiño	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro
Baltasar Patiño/Xúlio Lago	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico

Mellor Música Orixinal		
candidat@	Espectáculo	compañía
Anxo Graña	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico
Manuel Riveiro	Xardín suspenso	Centro Dramático Galego
Mónica de Nut, Vadim Yuxhnevich e Javi Bermejo	Manawee	Matrioshka Teatro

Mellor Adaptación/Tradución		
candidat@	Espectáculo	compañía
Afonso Becerra	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico
Ánxeles Cuña Bóveda	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro
Xosé Manuel Pazos	Unhas Poucas Picadelas	Teatro de Ningures

Mellor Texto Orixinal		
candidat@	Espectáculo	compañía
Alex Sampayo e Borja F. Caamaño	Noiteboa	Redrum Teatro
Areta Bolado	Panamericana	A Panadaría
Diana Mera, Merche Pérez, Teté García	30 e tantos ósos	Aporía Escénica
Jose Prieto	Presidente	Teatro do Morcego
Santiago Cortegoso	O Furancho	Ibuprofeno Teatro

Mellor Actriz Secundaria		
candidat@	Espectáculo	compañía
Anabell Gago	Manawee	Matrioshka Teatro
Areta Bolado	Panamericana	A Panadaría
Iolanda Muíños	Presidente	Teatro do Morcego

Mellor Actor Secundario		
candidat@	Espectáculo	compañía
Alberto Rolán	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico
César Goldi	Presidente	Teatro do Morcego
Josito Porto	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro

Mellor Actriz Protagonista		
candidat@	Espectáculo	compañía
Fina Calleja	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro
Mela Casal	Noiteboa	Redrum Teatro
Melania Cruz	Xardín suspenso	Centro Dramático Galego

Mellor Actor Protagonista		
candidat@	Espectáculo	compañía
Antonio Durán "Morris"	O Crédito	eme2 producións
Machi Salgado	Unhas Poucas Picadelas	Teatro de Ningures
Toni Salgado	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico

Mellor Dirección		
candidat@	Espectáculo	compañía
Alex Sampayo	Noiteboa	Redrum Teatro
Jose Prieto	Presidente	Teatro do Morcego
Xúlio Lago	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico

Mellor Espectáculo Infantil		
candidat@	Espectáculo	compañía
	Feo!	Caramuxo Teatro
	Jim e a illa do tesouro	eme2 producións
	Manawee	Matrioshka Teatro

Mellor Espectáculo	candidat@	compañía
	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro
	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico
	Presidente	Teatro do Morcego

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia e os Premios María Casares

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa na actualidade a 300 profesionais do audiovisual e das artes escénicas de Galicia. A súa misión é articular, desenvolver e promocionar o sector, en especial a través da elevación técnica e a mellora laboral dos seus profesionais, acorde coas máis modernas políticas culturais. O colectivo asume tamén o obxectivo de fomentar a demanda cultural e a captación de público.

Os Premios de Teatro María Casares, de periodicidade anual, foron creados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia no ano 1997 co obxectivo de servir de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega, enchendo o oco baleiro existente neste eido.

Os galardóns constan de catorce categorías ou apartados representativos do traballo realizado, tanto diante como detrás do pano, ademais do Premio de Honra Marisa Soto, que recoñece a traxectoria profesional do galardoado/a. A Xunta Directiva da AAAG é a encargada de outorgar o citado galardón.

Aspiran aos Premios María Casares de Teatro todas as producións teatrais realizadas que foran estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á súa concesión, así como todos os profesionais que participaron nas citadas montaxes, durante ese período de tempo.

O portal da Asociación é www.aaag.gal